

**Francisco Fernández del Riego**

**DICCIONARIO  
DE  
ESCRITORES  
EN LINGUA GALEGA**



**Edicións do Castro**

17 de Maio de 1990  
A DAS LETRAS GALEGAS

Francisco Fernández del Riego

DICCIONARIO DE  
ESCRITORES EN LINGUA  
GALEGA



EDICIÓS DO CASTRO

Sada - A Coruña

Cuberta: X. Vizoso

ISBN: 84-7492-465-0

Depósito Legal: C - 241 - 1990

Gráficas do Castro/Moret,

O Castro. Sada. A Coruña. 1990



No 1979 publicou *Relixión, maxia e psiquiatria na cultura rural galega*. Posteriormente deu a coñecer, en colaboración con M. D. Alonso, *Patoloxia psíquica en nenos fillos de emigrantes*.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel.—Naceu o ano 1934 nas terras luguesas de Sarria, en San Miguel de Paradela. Trasladouse de neno a Barcelona. Estudiou nesta cidade Contabilidade e Técnicas empresariais. Traballou despois nunha empresa como Xefe administrativo. Na actualidade reside en Lugo, onde rexenta un negocio familiar.

Colaborou arreo na prensa galega e na da emigración. Cultiva a poesía e o xénero narrativo. No 1968 tirou do prelo *Poemas populares galegos*. Publicou despois *Saudade no bulleiro*, e *Soldada mínima*. No eido narrativo deu a coñecer un libro de contos co título de *Reencontro coa aldea*.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Xesús.—Trátase dun escritor típicamente popular. Naceu en Lugo o 28 de xullo do 1859. Fíxose primeiro bacharel na cidade natal, e cursou despois a carreira de Mediciña na Universidade de Santiago. Exerceu a profesión de médico na capital luguesa, e finou nela o 24 de marzo do 1917. A súa obra reflexa unha imaxe real da vida galega do seu tempo e do seu lugar.

No 1895 publicou o poema *Cousas das mulleres*. Ven ser a xeito dunha novela en verso, na que se describen costumes do país con variedade de metros. Ensaio tamén en prosa a novela longa, co título de *A cruz do Salgueiro*. A acción é unha acción animada, con abondosidáde de situacions, de acontecimentos, e mesmo de ambiente. Escribiu ademais a comedia *O Chufón*, que se desenvolve no Courel e noutras lugares de Galicia. Outros traballos seus están reunidos nas coleccións tituladas *Pasaxeiras*,